

ACORDO DA COMISIÓN ACADÉMICA DO PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN ESTADÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA SOBRE O PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO DO ALUMNADO

Data de aprobación: 17/06/2019
Data de modificación: 13/07/2020

LIMIAR

Os regulamentos de estudos de doutoramento da [Universidade de Santiago de Compostela](#), da [Universidade da Coruña](#) e da [Universidade de Vigo](#), recollen nos seus artigos sextos sobre as competencias das Comisións Académicas, que estas deben realizar anualmente a avaliación do documento de actividades e do plan de investigación de cada doutorando/a, tendo en conta os informes que para tal efecto deberán emitir o/a titor/a e o/a director/a.

A [memoria de verificación](#) do Programa de Doutoramento en Estatística e Investigación Operativa (en adiante, Programa), no seu apartado 5.2 (*Seguimento do doutorando*), recolle esta competencia, indicando que a Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD) debe avaliar anualmente o desempeño do alumnado, sendo requisito para a continuación no programa obter unha avaliación positiva da súa actividade, e implicando dúas avaliacións negativas unha baixa definitiva no programa. Para realizar esta avaliación, tal e como figura na memoria de verificación e de acordo ao establecido nos regulamentos das universidades participantes no programa, a CAPD contará co plan de investigación e co documento de actividades, debidamente cumprimentado polo/a alumno/a, así como co informe previamente emitido polo/a titor/a, quen tamén validará as actividades anuais.

Ademais, a CAPD aprobou o 13 de marzo de 2017, a [normativa para autorizar o inicio dos trámites de defensa dunha tese](#) no programa de doutoramento. Nesta normativa indícase que a CAPD tomará o acordo sobre a autorización á vista da documentación presentada polo/a doutorando/a, das posibles alegacións, do informe do tribunal do seminario de tese e dos informes das comisións de seguimento.

O Programa vén desenvolvendo dende a súa implantación un seguimento do alumnado, constando evidencias nas actas da CAPD, aínda que non existe un documento marco que recolla o mecanismo de avaliación. Mediante este ACORDO, o Programa de Doutoramento en Estatística e Investigación Operativa establece o PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO DO ALUMNADO, vencellándoo á súa avaliación anual e á normativa establecida para a autorización do inicio dos trámites de defensa, cun dobre obxectivo. Por unha banda, preténdese facilitar aos/ás doutorandos/as unha valoración que lles permita mellorar o seu desempeño, corrixir posibles eivas e garantir que o seu traballo cumpre os [requisitos mínimos](#) establecidos. Por outra banda, estes informes serán utilizados na avaliación final que realiza a CAPD para a autorización dos trámites de defensa da tese.

PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO ANUAL DO ALUMNADO

Dos tribunais de seguimento

1. No momento da aprobación do plan de investigación, a CAPD asignará a cada alumno/a un tribunal de seguimento da súa actividade, que actuará tamén como tribunal do seminario de tese segundo a [normativa para a autorización do inicio dos trámites de](#)

[defensa](#). Os membros do tribunal de seguimento deberán cumprir, no momento do seu nomeamento, os mesmos requisitos que o tribunal da tese. A CAPD poderá modificar a composición do tribunal de seguimento en situacións xustificadas.

2. O tribunal estará conformado por tres expertos/as con actividade investigadora afín á temática da tese, dos cales un/unha actuará como presidente/a e outro/a como secretario/a. As persoas que formen parte do tribunal de seguimento deberán cumprir os mesmos requisitos que para formar parte do tribunal dunha tese de doutoramento, segundo a normativa vixente na universidade da que se trate. En ningún caso poderán formar parte do tribunal o/a titor/a nin os/as directores/as da tese. Se algún dos membros deixara de cumprir algúns destes requisitos, a CAPD nomeará un novo membro.

Da avaliación anual e o seminario de seguimento

3. Tal e como recolle a normativa das Universidades, todo o alumnado do programa debe presentar anualmente o seu documento de actividades. O/A titor/a realizará a validación das mesmas e emitirá un informe de avaliación anual.
4. Para o alumnado que leve máis dun ano no programa de doutoramento (sen distinguir a súa dedicación), a avaliación anual incluírá a celebración dun seminario de seguimento.
5. Os/As doutorandos/as que deban realizar o seminario de seguimento remitirán á coordinación documentación que evidencie o seu desempeño (traballos en preparación, publicacións e/ou ponencias, etc.). Esta documentación acompañarase dun breve resumo dos resultados acadados.
6. Con carácter anual e tendo en conta os prazos fixados polas Universidades para a avaliación, a CAPD fará pública a lista de doutorandos/as do programa, indicando a quen lles corresponde presentarse ao seminario de seguimento.

Dos seminarios de seguimento

7. Os seminarios de seguimento consistirán na presentación por parte do/a doutorando/a ante o seu tribunal de seguimento, dos avances realizados no seu traballo de investigación.
8. O/A alumno/a disporá de 15 minutos para a presentación, seguida dunha quenda de preguntas por parte do tribunal. O tribunal disporá con antelación da documentación acreditativa do desempeño, recollida no punto 5.
9. O tribunal e o/a doutorando/a acordarán a vía para a realización do seminario (xuntanza presencial ou a través de medios telemáticos), podendo participar no mesmo os/as directores/as da tese, así como o profesorado e o alumnado do programa.
10. No caso de que o seminario de seguimento coincida co seminario de tese, a súa celebración será pública, e este rexerese atendendo ao recollido na [normativa para a autorización do inicio dos trámites de defensa](#).

Dos informes de seguimento

11. No informe emitido por parte do tribunal, deberase indicar de xeito explícito se o/a doutorando/a está a acadar os [fitos xerais](#)¹ establecidos na memoria de verificación do

¹ Como fitos xerais, establécense na memoria do título os seguintes:

- Asistir a congresos de ámbito autonómico, nacional ou internacional onde dea a coñecer os seus avances.
- Asistir aos seminarios de iniciación á investigación e que, ao cabo do primeiro ano, sexa quen de impartir un seminario.
- Ao segundo ano, o/a doutorando/a debe ser quen de escribir unha publicación que se poida remitir a unha revista.

título e se o desenvolvemento se orienta a cumprir os requisitos mínimos do programa, sen que a actuación do tribunal nin o informe emitido supoña a suplantación da labor de dirección/titorización.

Os informes deberán conter unha valoración sobre:

- a. Os aspectos destacables do traballo realizado, de acordo cos fitos establecidos na memoria do programa
- b. Todos aqueles aspectos que se consideren críticos para garantir que o traballo desenvolvido polo/a doutorando/a acada os [requisitos mínimos](#) establecidos polo programa
- c. Outras posibles áreas de mellora identificadas, sen que estas sexan vinculantes para o desenvolvemento da tese

Da avaliación anual

12. A CAPD realizará a avaliación anual dos/as doutorandos/as, utilizando o documento de actividades, o plan de investigación, o informe do/a titor/a e, de ser o caso, o informe do seminario de seguimento. Contra a avaliación emitida pola CAPD, o alumnado poderá efectuar alegacións na forma e prazos establecidos en cada unha das universidades participantes.

Disposicións transitorias

13. De xeito transitorio, a CAPD acorda iniciar a aplicación deste procedemento na avaliación anual do curso 2018-2019. Nesta ocasión, as cohortes de alumnado que realizará o seminario de seguimento son as correspondentes ao ano 2017 (marzo e outubro) e a marzo de 2018. En adiante, aplicarase o criterio recollido no punto 4 deste acordo.
14. Para o alumnado matriculado actualmente no programa, o tribunal de seguimento será nomeado pola Comisión Permanente no momento en que se realice o seu primeiro seminario de seguimento. Para o alumnado de nova incorporación, aplicarase o punto 1 deste acordo.

Santiago de Compostela / A Coruña / Vigo, 13 de xullo de 2020

- Dunha tese na área de Estatística e Investigación Operativa, espérase que contribúa con, polo menos, un artigo nalgunha das revistas do JCR (publicado ou aceptado para a súa publicación).

ANEXO I. INFORME DO TRIBUNAL DE SEGUIMENTO

Alumno/a: _____
Director/a: _____
Título da tese: _____
Data do seminario: _____

ASPECTOS DESTACABLES DO TRABALLO REALIZADO

Aspectos positivos do traballo presentado, tendo en conta o cumprimento dos fitos establecidos na memoria do título:

- 1. Asistir a congresos de ámbito autonómico, nacional ou internacional onde de a coñecer os seus avances.*
- 2. Asistir aos seminarios de iniciación á investigación e que, ao cabo do primeiro ano, sexa quen de impartir un seminario.*
- 3. Ao segundo ano, o/a doutorando/a debe ser quen de escribir unha publicación que se poida remitir a unha revista.*
- 4. Dunha tese na área de Estatística e Investigación Operativa, espérase que contribúa con, polo menos, un artigo nalgunha das revistas do JCR (publicado ou aceptado para a súa publicación).*

ÁREAS DE MELLORA CRÍTICAS

Aspectos que se consideren críticos para garantir que o traballo desenvolvido polo/a doutorando/a acadada os [requisitos mínimos](#) establecidos polo programa. Ditos requisitos son os seguintes:

- 1. A tese debe conter algunha contribución metodolóxica na área de estatística e investigación operativa, entendendo como tal: (a) a obtención de resultados teóricos que establezan propiedades dos modelos, conceptos, métodos ou algoritmos que se propoñan ou investiguen, ou ben (b) o deseño e realización de estudos de simulación ou experimentación intensivos que permitan validar propiedades dos modelos, conceptos, métodos ou algoritmos que se propoñan ou investiguen.*
- 2. As contribucións da tese deben ter a relevancia suficiente para que delas se poidan derivar publicacións de carácter científico na área de estatística e investigación operativa en revistas de difusión internacional.*

OUTRAS ÁREAS DE MELLORA

Outros aspectos que puideran ser obxecto de mellora.

VALORACIÓN FINAL

Favorable / Non favorable

Lugar e data:

Presidente/a

Vogal

Secretario/a